

# ESTATUTOS

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

**BALONMÁN** FEDERACIÓN  
GALEGA DE  
BALONMÁN

17 XUÑO 2023



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

## ESTATUTOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

### TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

#### CAPÍTULO I ADAPTACIÓN, DENOMINACIÓN, NATUREZA XURÍDICA, OBXECTO SOCIAL E DOMICILIO

##### ARTIGO 1

- 1.- Procédese a adaptar os Estatutos da “FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN á normativa vixente, así como a súa inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- 2.- A Federación rexerese polos presentes Estatutos, polo seu Regulamento de Réxime Interior e polos acordos validamente adoptados polos seus órganos de goberno, en tanto non se opoñan á lexislación vixente, así como pola Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, e demais normativa existente que lle sexa de aplicación directa ou supletoria.

##### ARTIGO 2

A Federación Galega de Balonmán é unha entidade privada, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar sen ánimo de lucro.

O seu ámbito territorial abrangue a Comunidade Autónoma de Galicia, no desenvolvemento das competencias que lle son propias, de conformidade coa normativa vixente.

Está integrada polas entidades deportivas, deportistas, técnicos, adestradores, árbitros e outros colectivos dedicados á práctica do deporte do Balonmán.

A Federación Galega de Balonmán, ademais das competencias que lle son propias, e segundo o disposto pola Lei do Deporte de Galicia, exerce por delegación funcións públicas de carácter administrativo, actuando como axente colaborador da Comunidade Autónoma galega.

##### ARTIGO 3

A Federación Galega de Balonmán organízase orgánica e funcionalmente de forma democrática e representativa, con personalidade xurídica, plena capacidade de obrar e patrimonio propio e independente dos seus asociados, coas limitacións sinaladas pola normativa vixente, e pode adquirir, para os seus propios fins, bens de todas clases, sexan mobles ou inmobles, así como contratar e obrigarse para o cumprimento das súas finalidades, quedando suxeita as súas propias responsabilidades.

A Federación Galega de Balonmán encóntrase integrada na Real Federación Española de Balonmán, e ostenta de xeito exclusivo a representación desta dentro da Comunidade Autónoma de Galicia no referente ó deporte do Balonmán, conservando en tal integración, non obstante, a súa personalidade xurídica, o seu patrimonio propio e diferenciado, o seu orzamento e o seu réxime xurídico particular.

##### ARTIGO 4

A Federación Galega de Balonmán ten como obxecto social o de promover, dirixir e ordenar exclusivamente dentro de Galicia, sen prexuízo das competencias concorrentes das distintas administracións públicas, as actividades propias da súa modalidade deportiva, en coordinación cos organismos correspondentes da Xunta de Galicia, e rexerese por estes Estatutos e os seus

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

Regulamentos, polos da Federación Española de Balonmán no que lle sexan de aplicación, e polas disposicións que dite a Xunta de Galicia e, supletoriamente, polas que dite a Administración do Estado.

A Federación Galega de Balonmán é a única entidade competente dentro da Comunidade Autónoma de Galicia para promover, regulamentar, organizar, xestionar e controla-las competicións oficiais de balonmán.

## ARTIGO 5

Á Federación Galega de Balonmán, dentro da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, correspóndenlle en exclusiva as seguintes funcións:

- a) Elabora-los programas de promoción xeral da súa modalidade deportiva no ámbito da Comunidade Autónoma
- b) Elaborar as normas técnicas da súa modalidade deportiva, dirixir e regulamentar as actividades propias da mesma.
- c) Desenvolver programas de especialización da súa modalidade deportiva
- d) Deseñar, elaborar e executar os plans de preparación dos deportistas de alto nivel na súa respectiva modalidade deportiva e as listas dos mesmos, en colaboración coa Administración deportiva de Galicia e, no seu caso, da Federación Española de Balonmán.
- e) Colaborar coa Administración autonómica e cooperar coa Real Federación Española de Balonmán, no seu caso, na formación de técnicos deportivos na súa especialidade deportiva.
- f) Organizar e dirixir as competicións de carácter oficial que se desenvolvan no seu ámbito territorial, de acordo coas normas e regulamentos autonómicos, nacionais e internacionais que lle sexan de aplicación. A tales efectos expedirán as correspondentes licenzas deportivas.
- g) Exerce-la potestade disciplinaria nos termos establecidos na Lei Xeral do Deporte de Galicia e nas súas normas de desenvolvemento, así como nos seus propios Estatutos e Regulamentos.
- h) Resolver en vía de recurso as reclamacións que se presenten contra os acordos dos órganos dos clubs que dependen da Federación.
- i) Exerce-lo control das subvencións oficiais que se lle asignen ós clubs deportivos que dependen da Federación, na forma que se determine regulamentariamente.
- j) Designar ós deportistas da súa modalidade que integrarán a Selección Galega de Balonmán, para o cal os clubs deberán poñer a súa disposición ós deportistas elixidos.
- k) Representar a Galicia nas actividades e competicións deportivas de carácter estatal ou supraestatal organizando as seleccións autonómicas galegas.
- l) Colaborar coa Administración deportiva de Galicia, entes locais e agrupacións deportivas escolares na organización e desenvolvemento dos programas xerais do deporte en idade escolar.
- m) Executar as resolucións ditadas polo Comité galego de Xustiza Deportiva
- n) Colaborar coa Administración deportiva de Galicia e outros órganos competentes da Administración autonómica na prevención, control e represión do uso de sustancias e grupos farmacolóxicos prohibidos no deporte e na prevención e control da violencia no deporte.
- o) A Federación Galega de Balonmán poderá, así mesmo, e aparte das súas propias atribucións, executar por delegación da Administración autonómica programas de promoción da súa modalidade deportiva.
- p) Aqueloutras funcións que se lles poida encomendar pola Administración deportiva autonómica.

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

## **ARTIGO 6**

O domicilio social da Federación Galega de Balonmán establécese en Vigo: Rúa Luís Ksado 17-Edificio das Federacións deportivas.

A Comisión Delegada, por maioría dos seus membros e cando as circunstancias o aconsellen, poderá acorda-lo cambio do domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado do domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario acordo maioritario acadado no seo dunha Asemblea Extraordinaria. En ámbolos dous casos o traslado do domicilio social deberá serlle notificado ós afiliados e a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

## **CAPÍTULO II**

### **REQUISITOS PARA SER MEMBRO DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN. DEREITOS E DEBERES**

#### **ARTIGO 7**

Poderán ser membros da Federación todas aquelas persoas físicas con plena capacidade de obrar, así como as persoas xurídicas, tralo acordo do seu órgano competente, sempre e cando reúnan, ademais, os seguintes requisitos:

As entidades deportivas poderán integrarse, por petición propia, na Federación Galega de Balonmán sempre que teñan o seu domicilio social e desempeñen a súa actividade en Galicia e se atopen constituídos conforme ós requisitos esixidos para cada modalidade pola lexislación vixente e inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, debendo comprometerse a cumprilos Estatutos e Regulamentos da Federación Galega de Balonmán e someterse á autoridade dos órganos federativos, en relación coas materias da súa competencia.

Os mesmos criterios e requisitos no que sexa de aplicación, requiriran para a integración na Federación dos deportistas, técnicos, adestradores, xuíces e árbitros e outros colectivos interesados se os houber.

#### **ARTIGO 8**

A integración na Federación Galega de Balonmán levará consigo a integración automática e para tódolos efectos, na Federación Española da mesma modalidade deportiva.

#### **ARTIGO 9**

A integración na Federación Galega de Balonmán producirase mediante a expedición, por parte de esta da correspondente licenza federativa ou documento de afiliación ou inscrición. A dita expedición será acordada pola Xunta Directiva da Federación Galega.

Contra a denegación que deberá ser motivada, caberá recurso ante a Asemblea Xeral.

En todo caso, para a participación en actividades ou competicións deportivas oficiais no ámbito autonómico será preciso estar en posesión da licenza ou do certificado de afiliación expedido pola federación.

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

## ARTIGO 10

1.- Tódolos membros da Federación Galega de Balonmán teñen dereito a:

- Participar nas actividades da Federación, así como nos seus órganos de goberno e representación.
- Exerce-lo dereito ó voto, así como asistir á Asemblea xeral, de acordo co disposto nos presentes Estatutos.
- Ser informados acerca da composición dos órganos de goberno e representación da Federación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- Seren oídos con anterioridade á adopción de medidas disciplinarias acordadas contra eles, e a seren informados dos feitos que motivan tales medidas, debendo de ser motivado o acordo polo que, no seu caso, se lles impoñan sancións.
- A impugna-los acordos dos órganos da Federación que entenda contrarios á Lei os ós Estatutos.
- Recibi-la tutela da Federación con respecto ós seus intereses deportivos comúns e individuais.

2.- Por outra banda, os membros da Federación Galega de Balonmán teñen os seguintes deberes:

- Compartir as finalidades da Federación, e traballar na súa consecución.
- Acatar e cumprilos acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da Federación, sen que iso obste no seu dereito de recorrer ante as instancias federativas competentes, e se é no caso, ante os tribunais de xustiza ou Secretaría Xeral para o Deporte, segundo proceda , aqueles que consideren contrarios a dereito, e sen prexuízo de acudir á conciliación extraxudicial ou arbitrase nos termos previstos nas leis.
- Cumpli-lo resto das obrigas que se deriven das disposicións estatutarias.

## CAPITULO III ESTRUCTURA TERRITORIAL

### ARTIGO 11

A Federación Galega de Balonmán estruturase territorialmente en delegacións.

Cada delegación quedará integrada polas entidades deportivas, deportistas, adestradores e xuíces-árbitros e outros colectivos, que correspondan ó ámbito territorial.

Poderanse establecer zonas e subdelegacións segundo as necesidades organizativas ou de competición, podendo ser estas de carácter interprovincial.

### ARTIGO 12

As delegacións axustarán as súas normas ás normas ditadas pola Federación Galega de Balonmán a través dos órganos que correspondan e, directamente, do seu Presidente.

### ARTIGO 13

Os titulares das delegacións serán nomeados e cesados polo presidente da Federación Galega de Balonmán de acordo co disposto nos presentes Estatutos.

A composición do equipo directivo da delegación e a competencia deste, será de libre facultade do titular da delegación, o cal lle dará conta ó Presidente da Federación Galega de Balonmán.

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

## TITULO II

### DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

#### CAPITULO I

#### NORMAS XERAIS

##### ARTIGO 14

Son órganos de goberno e de representación da Federación Galega de Balonmán a Asemblea Xeral e o Presidente.

No seo da Asemblea Xeral deberá constituírse, unha Comisión Delegada de asistencia a esta.

##### ARTIGO 15

1.- Serán órganos electivos da Federación Galega de Balonmán o Presidente, a Asemblea Xeral e a Comisión Delegada no ámbito das súas respectivas competencias.

Os membros dos demais órganos e comités serán designados e revocados libremente polo Presidente coas excepcións previstas nos presentes Estatutos.

2.- O nomeamento ou a revogación dos membros dos órganos de goberno e representación, dos órganos complementarios e dos comités que puidesen crearse dentro da federación, deberán serlle comunicados a tódolos membros da Asemblea Xeral e a Secretaría Xeral para o Deporte nun prazo máximo de 15 días a partir da data do nomeamento.

3.- Os órganos de goberno e representación reuniranse na forma e termos establecidos nestes Estatutos; os seus acordos, salvo disposición expresa que dispoña o contrario, adoptaranse por maioría simple; en caso de empate o Presidente terá voto de calidade.

Os acordos poderán ser impugnados de conformidade co disposto na lexislación aplicable e nos presentes Estatutos

4.- A responsabilidade dos membros dos órganos da federación no exercicio das súas funcións será esixida no ámbito disciplinario de conformidade co disposto na lexislación vixente, e nos ámbitos civil e penal de acordo coa lexislación xeral de aplicación.

5.- Son requisitos xerais para ser membro de calquera órgano da Federación Galega de Balonmán, sen prexuízo do establecido regulamentariamente, os seguintes:

- a) Te-la condición de cidadán de Galicia, segundo o disposto no artigo 3 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b) Ser maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís.
- c) Non estar suxeito a corrección disciplinaria de carácter deportivo que o inhabilite.
- d) Non ter sido condenado mediante sentenza penal firme que leve anexa pena principal ou accesoria de inhabilitación especial ou absoluta para o cargo público.
- e) Non estar incurso de ningunha causa de incompatibilidade establecida legalmente ou nos presentes estatutos
- f) Reuni-los requisitos específicos propios de cada estamento deportivo.

##### ARTIGO 15bis.

1.- As sesións da Asemblea Xeral, Comisión Delegada, Xunta Directiva e os distintos órganos e comités poderán celebrarse por videoconferencia, sempre que o secretario do órgano convocado recoñeza a identidade dos asistentes, e así o exprese na acta nos supostos que sexa obrigatoria a súa redacción, que remitirá ás direccións de correo electrónico de cada un dos concorrentes. Na devandita acta o secretario deixará constancia dos acordos adoptados, así coma do sistema

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

seguido para formar a vontade do órgano de que se trate, con indicación do voto emitido por cada un deles. Neste caso, a sesión entenderase celebrada no domicilio social da Federación.

2.- Ditas sesións tamén poderán celebrarse compaxinando asistentes presentes fisicamente e asistentes por videoconferencia, aplicándose en todo caso as regras previstas no apartado anterior para as sesións desenvolvidas unicamente por videoconferencia.

3.- A adopción de acordos que esixan voto segredo, como a elección de persoas a membros da Asemblea e Comisión Delegada, celebraranse presencialmente, podendo utilizar a modalidade de voto por correo.

4.- Tamén se poderán adoptar acordos da Asemblea Xeral, Comisión Delegada, Xunta Directiva e os distintos órganos e Comités mediante votación por escrito. O voto por escrito deberá remitirse dentro do prazo de dez días naturais a contar dende a data en que se reciba a solicitude de emisión do voto, entendéndose non emitido o voto recibido fóra de prazo. Ó día seguinte da finalización do prazo de remisión do voto por escrito, celebrarase unha sesión telemática para realizar o recuento de votos e levantar o acta correspondente. Estes acordos entenderanse adoptados no domicilio social da Federación.

## CAPITULO II

### DA ASEMBLEA XERAL

#### SECCIÓN PRIMEIRA

#### NATUREZA, COMPOSICIÓN, NOMEAMENTO E CESAMENTO

##### ARTIGO 16

A Asemblea Xeral é o órgano máximo de goberno e representación da Federación Galega de Balonmán.

##### ARTIGO 17

A Asemblea Xeral estará constituída polo Presidente da Federación e polos representantes das entidades deportivas, os deportistas, os técnicos-adestradores, os árbitros e outros colectivos se os houber.

Os clubs non poderán ser membros da Asemblea Xeral, se no momento da convocatoria de eleccións non figuran inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Os compoñentes da Xunta Directiva por este só carácter, poderán asistir ás reunións da Asemblea , con dereito a voz pero sen voto.

##### ARTIGO 18

1.- A Asemblea da Federación Galega de Balonmán estará constituída polos membros que, unha vez iniciado cada proceso electoral, determine a Xunta Electoral unha vez proclamado o Censo Electoral Definitivo. Tamén formará parte da mesma, presidíndoa, o Presidente da Federación Galega de Balonmán que resulte elixido como tal.

2.- Será membro nato da Asemblea o Presidente saínte, deixando de pertencer á Asemblea da Federación unha vez finalizada a votación de non resultar elixido.

3.- Establécense as seguintes proporcionalidades de cada estamento para os membros á Asemblea Xeral:

Clubs .....	70%
Deportistas .....	20%
Adestradores .....	5%
Árbitros .....	5%

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

4.- A Xunta Electoral determinará o número concreto de membros en base ás porcentaxes establecidas unha vez que o Censo electoral sexa definitivo, publicando o número de integrantes de cada estamento.

a) A representación mínima do estamento de clubs na asemblea xeral da Federación Galega de Balonmán deberá ser do 50% do censo definitivo de clubs, incluíndo os membros natos. En calquera caso todos os clubs deberán necesariamente cumprir os requisitos que para eles se establece no artigo 7 desta regulamentación.

b) Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.

No entanto, no caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, unha vez terminado o proceso electoral e no prazo máximo de 3 meses, o presidente procederá á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

5.- Determinado o número de clubs pertencentes á Asemblea Xeral, en aplicación do punto anterior, estes corresponderán ao 70% da Asemblea para este estamento.

6.- En calquera caso todos os clubs deberán necesariamente cumprir os requisitos establecidos no artigo 7 do regulamento electoral da Federación Galega de Balonmán.

7.- No caso de que o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros da Asemblea a elixir, non será necesaria a celebración de eleccións nese estamento.

8.- A representación dos clubs corresponde ao seu Presidente ou persoa que designe de acordo cos seus propios Estatutos, pero a persoa designada non poderá ser membro da Asemblea Xeral por outro estamento.

9.- Ningún membro da Asemblea poderá ostentar unha dobre representación na mesma.

## ARTIGO 19

A convocatoria de eleccións indicará as condicións de electores e elixibles para os distintos órganos de representación e goberno da Federación Galega de Balonmán, así como a porcentaxe de cada estamento para os membros da Asemblea Xeral.

O número concreto de membros representantes de cada estamento establecerase unha vez determinado o censo electoral definitivo.

## ARTIGO 20

Os membros da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada cesarán polas seguintes causas:

- a) Defunción
- b) Disolución da entidade á que representan
- c) Expiración do mandato para o que foron elixidos
- d) Renuncia voluntaria ou Dimisión
- e) Estar incurso en causa de inelixibilidade ou incompatibilidade legal ou estatutaria
- f) Sanción disciplinaria imposta en forma regulamentaria que implique o cesamento no cargo que ostentan
- g) Perda dos requisitos polos que foron elixidos no seu respectivo estamento.

## ARTIGO 21

As vacantes que se produzan na Asemblea xeral antes das seguintes eleccións xerais a ela serán cubertas, dentro de cada estamento e de maneira sucesiva, polos candidatos que no proceso



ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

electoral obtivesen maior número de votos despois dos que resultaron electos e, a falta destes, mediante a convocatoria e celebración de eleccións parciais sempre que, neste último caso, as vacantes superen o 20% dos membros da Asemblea.

Os elixidos para ocupa-las vacantes ás que se refire o apartado anterior ostentarán o seu mandato polo tempo que falte para a celebración das seguintes eleccións xerais.

## SECCIÓN SEGUNDA

### RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

#### 1.- COMPETENCIAS

##### ARTIGO 22.

A Asemblea Xeral, en canto órgano máximo de goberno e representación da Federación, pode adoptar calquera acordo ou decisión sobre ela, con sometemento ás regras de competencia e procedemento.

Especialmente, son competencias da Asemblea Xeral, as seguintes:

- 1.- A aprobación e modificación dos Estatutos da Federación Galega de Balonmán.
- 2.- A elección, mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, do Presidente e da Comisión Delegada da Federación Galega de Balonmán, así como o cesamento e a moción de censura ó Presidente.
- 3.- A aprobación e liquidación do orzamento anual da Federación Galega de Balonmán.
- 4.- A aprobación do programa ou calendario deportivo anual que vai desenvolver-la Federación Galega de Balonmán e aprobación das bases ou regulamentos que rexerán a competición.
- 5.- A aprobación da creación de órganos territoriais da Federación Galega de Balonmán.
- 6.- A aprobación do regulamento das eleccións á Asemblea, á Comisión Delegada e ó Presidente da Federación Galega de Balonmán.
- 7.- A aprobación do Regulamento sobre conciliación extraxudicial ou arbitraje.
- 8.- A aprobación do Regulamento de Disciplina Deportiva da Federación Galega de **Balonmán**.
- 9.- Calquera outra competencia da Federación que nos lle estea expresamente atribuída polos presentes Estatutos a ningún outro órgano.

#### 2.- CONVOCATORIA

##### ARTIGO 23

A Asemblea Xeral será convocada polo Presidente da Federación Galega de Balonmán.

A Asemblea deberá ser convocada coa seguinte antelación mínima respecto á data prevista para a súa celebración:

- A Asemblea Xeral Ordinaria 15 días naturais e a Extraordinaria 10 días naturais.

A convocatoria figurará no taboleiro de anuncios da Federación, e nos das Delegacións Territoriais da mesma, se as houber, e na páxina web e deberá incluír necesariamente os puntos da orde do día que se van tratar; ademais deberá efectuarse notificación individual a cada un dos membros da FGBM, dirixida á dirección dos mesmos, que deberá constar na Federación 30 días antes da data da convocatoria. A notificación remitirase por calquera medio que permita ter constancia da recepción, cunha antelación mínima de 48 horas. Os defectos formais na convocatoria non darán lugar á nulidade da Asemblea, sempre e cando os membros desta recibisen a convocatoria coa

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

orde do día no prazo establecido e, en todo caso, a asemblea será válida, sen necesidade de ningún outro requisito, sempre que concorran a totalidade dos membros dela.

A orde do día poderá ser modificada, no sentido de incorporar novos puntos, a petición fundada dunha quinta parte dos membros da Asemblea Xeral e sempre que esta incorporación se solicite cunha marxe de tempo suficiente para que poida ser notificada a tódolos membros da Asemblea Xeral, mediante a notificación e a publicación no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Balonmán cunha antelación mínima de tres (3) días á data de celebración.

#### **ARTIGO 24**

O Presidente da Federación Galega de Balonmán deberá convocar unha Asemblea Xeral ordinaria anualmente, antes do inicio da nova tempada deportiva para trata-los asuntos propios da xestión ordinaria, e como mínimo, para a aprobación da memoria anual de actividades, a liquidación do orzamento do exercicio anterior, a aprobación do calendario deportivo e das regras que rexeran a competición e para o exame e consideración das propostas que formulen os membros da Asemblea, da Comisión Delegada, da Xunta Directiva ou o Presidente. Durante o último trimestre do exercicio económico aprobarase en Asemblea Xeral o orzamento do exercicio posterior tendo dita Asemblea tamén a consideración de ordinaria.

Tódalas demais asembleas terán carácter extraordinario e serán convocadas polo Presidente da Federación Galega de Balonmán sempre que considere oportuno, ou a petición dun número de membros dos que integran a Asemblea non inferior ó 25%. Neste caso os solicitantes deberán formular unha petición por escrito dirixida ó Presidente da Federación, indicando os puntos que compoñerán a orde do día. O Presidente, no prazo máximo de dez días (10) naturais desde a entrada da petición no rexistro da Federación Galega de Balonmán deberá convoca-la Asemblea Xeral con carácter extraordinario, cos requisitos de forma sinalados nestes Estatutos, e coa orde do día solicitada, sen incluír ningún outro punto, e celebrala nun prazo non superior a vinte (20) días naturais desde a convocatoria.

Caso de negativa expresa do Presidente a efectua-la convocatoria, ou pasados dez (10) días desde que a solicitude fose efectuada sen ser respondida, os solicitantes poderán facer uso dos dereitos que a lexislación vixente establece, ante a Secretaría Xeral do Deporte para a convocatoria dos órganos colexiados de goberno.

Cando o Presidente da Federación aprecie a existencia dunha situación urxente que non permita demora na convocatoria de Asemblea extraordinaria, poderá convocala sen suxeición a prazo nin requisito de forma ningunha, agás a citación persoal dos asembleístas que poidan ser localizados nos domicilios que consten na Federación. En todo caso, a Asemblea requirirá como mínimo a presenza da maioría dos seus membros e, antes de analiza-la orde do día, pronunciarase previamente, por maioría de asistentes, sobre a urxencia da convocatoria e a necesidade, ou non, da súa celebración. En todo caso nunha Asemblea convocada de esta forma, non poderán modificarse os Estatutos.

#### **ARTIGO 25**

Como regra xeral, a Asemblea quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando a ela concorran a maioría dos seus membros.

En segunda convocatoria será válida sexa cal sexa o número de asistentes.

Deberá mediar un mínimo de media hora entre a primeira e a segunda convocatoria.

#### **ARTIGO 26**

Non será admisible en modo ningún para a formación da vontade dos órganos colexiados da Federación, nin para o establecemento do seu quórum, o voto por correo nin a delegación do voto,

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

sendo, por tanto, necesaria a presenza física dos seus membros. Exceptúanse as eleccións dos membros da Asemblea Xeral, se así se aprobara no Regulamento electoral.

Con carácter excepcional, as entidades deportivas poderán estar representados de conformidade ós seus propios estatutos, pero o seu representante non poderá ser, a súa vez, membro da Asemblea Xeral.

A delegación de voto dos clubs deportivos deberá ser expresa e escrita para cada reunión.

Ninguén poderá ostentar na Asemblea Xeral máis de unha delegación de voto.

#### **ARTIGO 27**

As votacións no seo da Asemblea Xeral realizaranse na forma e na orde que a presidencia estableza, sendo esta a que decidirá se serán ordinarias, nominais ou secretas. Cando polo menos o 25 % dos asistentes solicite unha modalidade determinada, a forma de votación decidírase por maioría simple dos membros da Asemblea Xeral.

#### **ARTIGO 28**

Presidirá a Asemblea Xeral, dirixirá os debates, con toda a autoridade propia do cargo, o Presidente da Federación e, no seu defecto, o Vicepresidente Primeiro ou segundo da mesma. O seu voto será de calidade en caso de empate.

Os acordos da Asemblea adoptaranse, como regra xeral e a salvo as excepcións especificamente sinaladas nestes Estatutos, por maioría simple dos asistentes.

Para os efectos de cómputo de votos e maiorías, cando estes se conformen cun número inexacto de asembleístas, computarase sempre por exceso e con referencia ó número daqueles efectivamente existentes como membros da Asemblea, descontadas as vacantes.

#### **ARTIGO 29**

Os acordos da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada, serán vinculantes e de obrigatorio cumprimento para a totalidade dos órganos, persoas e entidades que integran a Federación e terán forza executiva a partir da data de aprobación.

#### **ARTIGO 30**

A Asemblea Xeral non poderá adoptar ningún acordo ou realizar ningún acto que poida comprometer de forma irreversible o patrimonio da Federación Galega de Balonmán, nin a actividade que constitúe o obxecto propio da mesma. En caso de dúbida, á petición dun 5% dos membros de dereito da Asemblea será requisito imprescindible a emisión dun informe favorable, por parte dos organismos da Xunta de Galicia.

### **CAPÍTULO III**

#### **DA COMISIÓN DELEGADA**

#### **NATUREZA, CONSTITUCIÓN COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO**

#### **ARTIGO 31**

1.- No seo da Asemblea Xeral deberá constituírse unha Comisión Delegada que terá carácter electivo e será un órgano de goberno e de representación da Federación.

2.- A convocatoria de eleccións á Comisión Delegada realizarase coa de eleccións a Presidente, conxuntamente coa convocatoria da primeira sesión da Asemblea Xeral, unha vez constituída esta.

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

**3.-** A Comisión Delegada será elixida entre e pola Asemblea Xeral, mediante sufraxio igual, libre, directo e secreto, entre os seus membros. O seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral. Será presidida polo Presidente da FGBM, como membro nato da mesma.

**4.-** A Comisión Delegada de FGBM estará composta por dez (10) membros, ademais do Presidente, distribuídos por estamentos, da seguinte forma:

Seis, correspondentes aos Clubs deportivos, elixidos por e entre eles.

Dous, polos Deportistas, elixidos por e entre eles.

Un, polos Técnicos/Adestradores, elixidos por e entre eles.

Un, polos Árbitros, elixidos por e entre eles.

**5.-** O Presidente da Federación convocará a Comisión Delegada, que se reunirá como mínimo cada catro meses para os fins da súa competencia, e polo menos para realiza-lo seguimento da xestión deportiva e económica da Federación.

**6.-** Corresponderalle á Comisión Delegada da Asemblea Xeral:

a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos orzamentos

b) A modificación do calendario deportivo

c) A modificación dos orzamentos e regulamentos

d) O seguimento da xestión deportiva e económica da federación

e) Todas aquelas que lle foran delegadas pola Asemblea Xeral.

As modificacións non poderán exceder dos límites e criterios que a propia Asemblea Xeral estableza.

A proposta sobre os temas que se van tratar na Comisión Delegada correspóndelle o Presidente ou a dous tercios dos membros da Comisión Delegada.

## **CAPÍTULO IV DO PRESIDENTE**

### **ARTIGO 32**

O Presidente da Federación Galega de Balonmán é o órgano de goberno e representación que ostenta a representación legal da mesma, convoca e preside os órganos de goberno e representación e executa os acordos destes.

O Presidente poderá nomear Delegados, que actuarán seguindo as instrucións daquel e por delegación nas funcións que se lle encomenden. Os ditos Delegados poderán ser cesados ou substituídos polo Presidente, segundo o seu criterio.

### **ARTIGO 33**

Corresponde a máxima xerarquía dentro da Federación Galega de Balonmán o seu Presidente, quen ha de presidir as reunións, una vez elixido, da Asemblea Xeral, da Comisión Delegada e da Xunta Directiva, en cuxas actuacións dirixirá os debates e contará con voto dirimente nos casos de empate.

Ostentará a representación legal da Federación Galega de Balonmán e actuará no seu nome, estando obrigado a executar os acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral, a Comisión Delegada e a Xunta Directiva. Designará e revogará ós membros da súa Xunta Directiva, así como a cantos asesores ou comisións considere oportuno.

Poderá estar asistido, con voz pero sen voto, por cantos membros da Xunta Directiva, asesores ou comisións considere oportuno en todas as súas actuacións.

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

#### **ARTIGO 34**

O Presidente ostenta a dirección económica, administrativa e deportiva da Federación Galega de Balonmán, de acordo co previsto nos presentes Estatutos.

#### **ARTIGO 35**

O Presidente da Federación Galega de Balonmán será nomeado de acordo coas normas vixentes dos presentes Estatutos, sen que estea remunerado na súa función como tal, en tanto que o cargo é a título gratuíto, salvo que así o acordase a Asemblea Xeral con suxeición ós mesmos requisitos previstos no artigo 42.4.

#### **ARTIGO 36**

En caso de ausencia do Presidente, substituirano automaticamente os Vicepresidentes, pola súa orde.

#### **ARTIGO 37**

A duración do cargo de Presidente será de catro anos.

No caso de que, excepcionalmente, quede vacante a presidencia antes de que transcorra o prazo para o que foi elixido, considérase dimisionaria a toda a Xunta Directiva, e constituirase a Comisión Delegada en comisión xestora, presidida polo membro de maior idade. Esta comisión convocará á Asemblea Xeral, a cal acordará unha nova elección de Presidente para cubri-la vacante polo tempo que falte ata a terminación do prazo correspondente ó mandato ordinario.

Se a vacante prodúcese por prosperar unha moción de censura, haberá de a terse ó disposto no artigo 36 destes Estatutos.

#### **ARTIGO 38**

O desempeño do cargo de Presidente será causa de incompatibilidade coas seguintes actividades:

- a) Ocupación de cargos directivos noutras federacións deportivas, agás na Federación Española de Balonmán.
- b) Desenvolvemento de actividades ou desempeño de cargos en asociacións deportivas, ou clubs dependentes integrados na Federación galega de Balonmán.
- c) A persoa que resulte elixida como Presidente da Federación Galega de Balonmán deberá cesar en todo tipo de actividades directivas e técnicas no deporte específico e no ámbito territorial da Federación, de conformidade co disposto no Decreto 16/2018, de 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, de 23 de decembro, actualmente en vigor en materia electoral.

#### **ARTIGO 39**

O Presidente cesará por:

- a) Transcurso do prazo polo que foi elixido.
- b) Dimisión.
- c) Incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Aprobación duna moción de censura pola Asemblea Xeral.
- e) Por incorrer en causa de inelixibilidade ou incompatibilidade. Neste último caso, non obstante, advertida que sexa a incompatibilidade, outorgaráselle un prazo de un mes para cesar no posto que resulte incompatible co de Presidente, caso contrario, cesará no seu posto como tal.

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

#### **ARTIGO 40**

A moción de censura ó Presidente poderá ser presentada polos membros da Asemblea Xeral que constitúan polo menos o 20% dela mesma, mediante escrito presentado no Rexistro da Federación. Na dita petición deberán solicitar do Presidente a convocatoria dunha Asemblea Xeral extraordinaria coa dita moción como único punto do orde do día, e propoñer un candidato alternativo á Presidencia.

No caso de prospera-la moción de censura, que se votará nun sistema de dobre volta, e deberá alcanza-la maioría absoluta de membros que compoñen a Asemblea na primeira votación, ou maioría simple de asistentes na segunda, celebradas con media hora de diferenza. O candidato quedará investido cun mandato polo prazo que falte para concluí-lo período ordinario.

Para a convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria á que se refire este artigo haberá que aterse ó disposto no artigo 22 destes Estatutos. A sesión da Asemblea na que se debata a moción de censura, estará presidida polo membro de maior idade da mesma. Non será valido nin o voto por correo, nin a asistencia por representación.

Se a moción de censura non prosperase, poderá presentarse unha nova moción unha vez rematada a tempada deportiva na que se presentase. Da mesma forma, de triunfar, poderase propoñer unha nova moción contra o candidato gañador, unha vez rematada a tempada deportiva na que se produza a mencionada moción.

### **TÍTULO III**

#### **ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN**

#### **ARTIGO 41**

Son órganos complementarios dos de goberno e representación da Federación para asisti-lo Presidente:

- a) A Xunta Directiva.
- b) O Secretario Xeral.
- c) O Tesoureiro.
- d) O Xerente.

#### **ARTIGO 42**

1.- A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión da Federación e os seus membros son designados e revogados libremente polo seu Presidente.

O número de membros da Xunta Directiva será establecido pola Asemblea Xeral, sen que poida ser inferior a cinco (5), nin superior a quince (15).

2.- O Presidente elixirá entre os membros da súa Xunta Directiva un Vicepresidente, que o será tamén da Federación, o cal substituirá ó Presidente por delegación, imposibilidade física ou ausencia temporal; un Secretario, que, a súa vez, o será da Federación, así como un Tesoureiro . Tales cargos, en canto que baseados na confianza, poderán ser removidos polo Presidente cando o considere conveniente.

3.- Os membros da Xunta Directiva que non o sexan da Asemblea Xeral, terán acceso as sesións desta, con dereito a voz pero sen voto.

4.- Todos os membros da xunta directiva exercerán o seu cargo a título gratuíto, salvo acordo da Asemblea Xeral, por maioría absoluta dos seus membros, que establecerá a compensación económica correspondente e que constará de xeito diferenciado no orzamento. En ningún caso a compensación económica poderá ser satisfeita con cargo ás subvencións públicas que reciba a Federación.

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

#### **ARTIGO 43**

Para ser membro da Xunta Directiva non será necesario formar parte da Asemblea Xeral, pero si da Federación.

#### **ARTIGO 44**

Os membros da Xunta Directiva cesarán polas seguintes causas:

- a) Vacancia na Presidencia, sen prexuízo da súa conversión en Comisión Xestora nos casos previstos nos Estatutos.
- b) Dimisión.
- c) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Por incorrer en causas de inelixibilidade ou incompatibilidade.
- e) Ser cesados directamente polo Presidente en cumprimento das comunicación ás que se refiren os presentes Estatutos.

#### **ARTIGO 45**

Correspóndelle a Xunta Directiva as seguintes funcións:

- Estudiar e redactar as propostas que se teñan que someter á Asemblea Xeral.
- Aprobar os textos das bases de competición e circulares.
- Documentar e elaborar o orzamento da FGBM.

#### **ARTIGO 46**

A Xunta Directiva debe reunirse obrigatoriamente con carácter ordinario:

- Despois da elección do Presidente, e unha vez designados por este os membros da mesma, de cara á toma de posesión dos respectivos cargos.
- Para fixa-la orde do día e poñencias da Asemblea Xeral.
- Despois de celebrada Asemblea Xeral, de cara á execución dos textos que recollan os acordos adoptados na mesma.
- Tantas veces como proceda.

#### **ARTIGO 47**

1.- A Xunta Directiva reunirse cando sexa convocada polo Presidente da Federación, ou a petición da cuarta parte dos seus membros.

2.- A convocatoria da reunión da Xunta Directiva deberá facerse cunha antelación mínima de 8 días naturais, acompañando a orde do día a tratar.

Non obstante, se o asunto que motiva a súa convocatoria fora urxente, bastará a comunicación ós seus membros feita con antelación de 48 horas.

#### **ARTIGO 48**

O Presidente dirixirá as deliberacións da Xunta Directiva, concedendo e retirando a palabra ós asistentes, cabendo a limitación pola súa parte do tempo de intervención ou do número de estas, sinalando as normas de orde a seguir e sometendo os asuntos a votación cando considere que foron suficientemente deliberados, tomando cantas decisións poidan conducir á maior eficacia e orde das reunións.

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

#### **ARTIGO 49**

Os acordos tomaranse por maioría simple dos votos presentes e representados, isto é, cando haxa mais votos afirmativos que negativos. En caso de empate, o voto do Presidente, que será o último en emitirse, será dirimente.

#### **ARTIGO 50**

O Secretario levantará acta de tódalas reunións da Xunta Directiva, de onde recollerá os acordos, sendo referendada coas firmas del e do Presidente. De cada acta remitirase unha copia a todos e cada un dos membros da Xunta Directiva.

#### **ARTIGO 51**

A Xunta Directiva deberá ser convocada expresamente, considerándose validamente constituída cando concorran a ela o Presidente e o Vicepresidente primeiro, asistindo alomenos o 50% dos seus membros.

#### **ARTIGO 52**

A Xunta Directiva disporá de facultades para coidar de modo permanente e constante do goberno da Federación Galega de Balonmán, do bo cumprimento das normas establecidas, do control dos órganos federativos e do despacho de toda clase de asuntos en todo o que lle sexa expresamente atribuído, e cuxa competencia non lle estea expresamente asignada a outros órganos da Federación.

#### **ARTIGO 53 .- DO SECRETARIO**

O Presidente da Federación nomeará un SECRETARIO, o cal exercerá as funcións de fedatario e asesor, e, máis especificamente, as seguintes:

- a) Levantar actas das sesións dos órganos de goberno e representación da Federación, con indicación dos asistentes, temas tratados, resultados das votacións e, se é o caso, os votos particulares contrarios ó acordo adoptado.
- b) Expedir as certificacións oportunas das actas dos órganos de goberno e representación.
- c) Remitir ó órgano administrativo competente en materia de Deportes as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada, no prazo de 15 días hábiles dende a súa celebración, así como a convocatoria destas.
- d) Cantas funcións lle encomenden os Estatutos e regulamentos da Federación Galega de Balonmán, ou lle sexan delegadas polo Presidente da mesma.

#### **ARTIGO 54.- DO TESOUREIRO**

O TESOUREIRO da Federación Galega de Balonmán é o órgano da administración desta. Exercerá como funcións propias:

- a) Leva-la contabilidade da Federación.
- b) Exerce-la inspección económica de tódolos órganos da Federación.
- c) Elaborar e presentarlle informes á Comisión Delegada do estado contable da Federación.

#### **ARTIGO 55**

Os asuntos ordinarios de trámite da Federación Galega de Balonmán serán despachados polo Presidente e o Secretario.



ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

#### **ARTIGO 56 .- DO XERENTE**

- 1.- A Xerencia é o órgano de xestión e execución de tódolos cometidos económicos, técnicos e administrativos da Federación Galega de Balonmán. Ó seu fronte estará o Xerente.
- 2.- O Xerente será nomeado polo Presidente.
- 3.- O cargo de Xerente será ocupado por relación laboral, sendo, conseguintemente, retribuído. O Xerente poderá ser cesado no seu cargo por falta contemplada na normativa laboral vixente, ou por acordo maioritario da Asemblea Xeral, previa apertura de expediente disciplinario, a proposta da Xunta Directiva.
- 4.- Sen prexuízo das funcións que lle asigne expresamente o Presidente, correspóndelle o Xerente:
  - a) Ostentar a dirección de persoal de tódolos servizos.
  - b) Coordina-la execución dos cometidos de tódolos órganos federativos.
  - c) Velar polo cumprimento de ródalas normas xurídico-deportivas e de recoller suxestións e experiencias para estudar a súa posible aplicación.
  - d) Coidar da boa orde de tódolos departamentos federativos, adoptando as medidas precisas para elo, repartindo funcións e cometidos entre empregados e vixiando o bo estado das instalacións.
  - e) Presentar verbalmente ou por escrito os informes que sexan requiridos polo Presidente.
  - f) Someter á aprobación da Xunta Directiva tódalas súas actuacións.
  - g) Exercer cantas funcións lle encomenden os Estatutos e normas regulamentarias da Federación.
- 5.- O Xerente terá acceso as reunións da Xunta Directiva e ás da Asemblea Xeral, con dereito a voz pero sen voto.

## **TÍTULO IV**

### **DOS ÓRGANOS TÉCNICOS E ASESORES**

#### **CAPÍTULO I**

#### **COMISIÓNS, EN XERAL**

##### **ARTIGO 57**

1.- A Federación Galega de Balonmán poderá crear, logo da aprobación pola Asemblea Xeral, cantas comisións técnicas precise, ademais das seguintes:

- a) Xuíz Único ou Comité de Competición e Comité de Apelación, en materia disciplinaria.
- b) Comité de Árbitros.
- c) Dirección Técnica.

Tódalas comisións se rexerán polos seus respectivos Regulamentos internos e, se é o caso, pola normativa nacional unificada e emanada da Federación Española de Balonmán, pola lexislación aplicable e polo disposto nos presentes Estatutos.

Tódolos Presidentes dos Comités serán nomeados polo Presidente da Federación Galega de Balonmán. O Secretario da Federación intervirá como Secretario de tódolos comités, con voz pero sen voto, salvo que fose membro deles.

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

## **CAPÍTULO II**

### **COMITÉ DE ÁRBITROS**

#### **ARTIGO 58**

No seo da Federación Galega de Balonmán constituirase, de maneira obrigatoria, un Comité de Árbitros, sendo o seu Presidente designado polo Presidente da propia Federación. Este Comité poderá adoptar a estrutura territorial da Federación.

Serán funcións deste Comité:

- a) Establece-los niveles de formación arbitral.
- b) Clasificar tecnicamente ós árbitros.
- c) Propoñe-los candidatos a árbitros nacionais.
- d) Propoñerlle á Xunta Directiva as normas administrativas que regulan a arbitrase, para a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral.
- e) Propoñerlle á Xunta Directiva da Federación ós colexiados de competición.
- f) Colaborar cos órganos competentes da Federación.

#### **ARTIGO 59 .- DA DIRECCIÓN TÉCNICA**

É o órgano técnico da Federación Galega de Balonmán, responsable da súa dirección, planificación, execución das actividades deportivas e selección dos deportistas que integrarán o Equipo Galego.

1.- Estará integrada por un Director Técnico, os Secretarios Técnicos e os adestradores responsables dos Equipos Galegos contratados pola F.G.BM. Poderá contar con cantos asesores considere oportunos.

Tódalas súas actuacións deberán ser informadas e autorizadas polo Presidente ou o Xerente.

## **TÍTULO V**

### **RÉXIME ELECTORAL**

#### **CAPÍTULO I**

##### **OS CENSOS**

#### **ARTIGO 60**

Compoñerán os censos correspondentes a cada estamento electoral tódolos membros da Federación que reúnan os requisitos establecidos para cada estamento nos presentes Estatutos e no Regulamento Electoral, redactado o mesmo de conformidade coa normativa existente en cada caso, singularmente, e no momento actual, no Decreto 16/2018, de 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, de 23 de decembro, polos que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

## **CAPÍTULO II**

### **A COMISIÓN XESTORA**

#### **ARTIGO 61**

Acordada a convocatoria de eleccións pola Asemblea Xeral e aprobado o Regulamento Electoral, o Presidente procederá, no prazo sinalado neste, á convocatoria de eleccións á Asemblea Xeral. A partir dese momento, a Xunta Directiva e o Presidente constituiranse en Comisión Xestora, e someterán o Regulamento Electoral á ratificación do órgano administrativo competente en materia de Deportes.

A Comisión Xestora garantirá a máxima difusión e publicidade das convocatorias de eleccións á Asemblea Xeral e Presidente, así como do Regulamento Electoral, coas medidas previstas nas disposicións federativas, a través dun medio que permita asegura-la recepción da dita notificación.

O Regulamento Electoral deberá expoñerse en cada circunscrición electoral o mesmo día da convocatoria de eleccións.

A Comisión Xestora administrará a Federación e convocará e realizará novas eleccións no prazo máximo de tres meses, no caso de que non se presentase ningunha candidatura, ou non fora validada ningunha das presentadas.

## **CAPÍTULO III**

### **CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL**

#### **ARTIGO 62**

O Censo Electoral das Entidades Deportivas, Deportistas, Adestradores e Árbitros confeccionarase por circunscrición electoral única, que coincidirá coa territorialidade da Federación Galega de Balonmán, é dicir, coa Comunidade Autónoma de Galicia.

Os candidatos proclamados poderán dispoñer do respectivo censo de persoas que compoñen o seu estamento e, no caso dos candidatos á presidencia, o das persoas que conforman a asemblea (art. 58.5 Lei 3/2012).

## **CAPÍTULO IV**

### **XUNTA ELECTORAL**

#### **ARTIGO 63**

1.- A xunta electoral estará integrada por un total de tres (3) membros titulares e tres (3) membros suplentes, que se elixirán entre persoas que non sexan candidatos á Asemblea ou Presidencia, aprobando o seu nomeamento en asemblea xeral extraordinaria. Ostentará o cargo de Presidente o de maior idade.

2.- De entre os membros designados, o Presidente será o de maior idade, e actuará como Secretario o membro de menor idade.

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

3.- Os membros da Xunta Electoral non poderán figurar como candidatos á Asemblea Xeral e Presidencia da Federación.

4.- A Xunta electoral controlará todo o proceso electoral, e terá competencia para coñecer e resolve-las incidencias que se produzan sobre o censo electoral, presentación e proclamación de candidatos, proclamación dos membros da Asemblea Xeral e Comisión Delegada e do Presidente da Federación, así como a decisión de calquera outra cuestión que afecte directamente á celebración das eleccións e dos seus resultados. Unha vez celebrada a votación, levantará acta da votación e do recuento e remitirá a acta ó órgano administrativo competente en materia de Deportes no prazo máximo de tres (3) días.

5.- As decisións da Xunta Electoral son executivas e formaranse por maioría de votos. En caso de empate, o voto de Presidente terá carácter dirimente.

6.- Unha vez concluído o proceso electoral da Asemblea Xeral, Do Presidente da Federación e da Comisión Delegada, a Xunta electoral disolverase.

7.- A Xunta electoral adecuará a súa composición, funcionamento e competencias ó que, sen contradicir o anterior, se estableza no correspondente Regulamento Electoral.

## **CAPITULO V**

### **MESAS ELECTORAIS**

#### **ARTIGO 64**

Para a elección dos distintos estamentos da Asemblea Xeral, do Presidente e da Comisión Delegada, constituiranse unha ou varias mesas electorais na forma establecida no Regulamento electoral. Os membros desas mesas non poderán ser candidatos, axustándose no seu funcionamento ás normas que establezan no Regulamento electoral.

## **CAPITULO VI**

### **RECURSOS**

#### **ARTIGO 65**

As reclamacións e impugnacións que se presenten contra calquera acto electoral dirixiranse á Xunta Electoral e contra o que esta resolva caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. Así mesmo caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva contra tódolos actos, acordos ou resolucións da Xunta Electoral ou calquera outro órgano ou membro da Federación en materia electoral.

## **CAPITULO VII**

### **ELECCIÓN DA ASEMBLEA XERAL**

#### **ARTIGO 66**

1.- Os membros da Asemblea Xeral serán elixidos cada catro anos coincidindo cos Xogos Olímpicos de Inverno, mediante sufraxio libre, secreto, igual e directo por e entre todos os compoñentes da Federación.

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

- 2.- As eleccións á Asemblea Xeral serán acordadas pola mesma que aprobará a convocatoria con todos os requisitos que se establecerán no Regulamento electoral, que así mesmo se aprobe.
- 3.- Acordada Pola Asemblea Xeral a convocatoria de eleccións, o acordo será formalmente executado polo Presidente da Federación quen asinará dita convocatoria.
- 4.- Desde a convocatoria para a celebración desta asemblea xeral, a Xunta Directiva e o Presidente constituiránse en Comisión Xestora, de acordo co disposto no artigo 61 dos presentes estatutos.

#### **ARTIGO 67**

Para ser candidato a membro da Asemblea Xeral requírese o cumprimento dos requisitos establecidos con carácter xeral no artigo 15.5. destes Estatutos, así como os que en cada caso se sinalen no correspondente Regulamento Electoral, redactado conforme á normativa vixente en cada momento, na actualidade, Orde de 8 de setembro de 2010, da Consellería de Cultura e Deporte.

Os requisitos esixidos para seren electores ou elixibles deberán estar cumpridos na data na que se publique a convocatoria de eleccións.

#### **ARTIGO 68**

As eleccións á Asemblea Xeral realizaranse para cada un dos postos correspondentes ós estamentos integrantes dela de acordo co previsto nestes Estatutos.

#### **ARTIGO 69**

Os representantes das entidades deportivas na Asemblea Xeral serán elixidos por e entre os representantes dos correspondentes de cada circunscrición electoral dos que integran o censo de entidades deportivas inscritas no rexistro público da Federación e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, que no momento de convocarse as eleccións cumpriran cos requisitos que se sinalen no correspondente Regulamento Electoral.

#### **ARTIGO 70**

Os representantes dos deportistas da Asemblea serán elixidos por e entre os maiores de 18 anos correspondentes a cada circunscrición electoral dos que teñan licenza en vigor expedida pola Federación no momento da convocatoria das eleccións e tamén a tivesen, polo menos, durante a tempada deportiva anterior, sempre que participasen en competicións de carácter oficial organizadas pola Federación Galega de Balonmán ou pola Federación Española da mesma especialidade coa aprobación ou intervención daquela, sempre e cando cumpran os restantes requisitos que se sinalen no correspondente Regulamento Electoral, debidamente aprobado en Asemblea Xeral Extraordinaria.

#### **ARTIGO 71**

Os representantes dos técnicos-adestradores e dos árbitros na Asemblea Xeral serán elixidos por entre os pertencentes a cada estamento, calquera que sexa a súa categoría, dos que teñan licenza en vigor no momento da convocatoria de eleccións e tamén a tivesen, como mínimo, na tempada deportiva inmediatamente anterior, sempre que participasen en actividades ou competicións de carácter oficial organizadas pola Federación Galega de Balonmán ou a Federación Española da mesma modalidade coa aprobación ou intervención daquela, sempre e cando cumpran os restantes requisitos que se sinalen no correspondente Regulamento Electoral, debidamente aprobado en Asemblea Xeral Extraordinaria.

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

## CAPITULO VIII

### ELECCIÓN DO PRESIDENTE

#### ARTIGO 72

1.-O Presidente da Federación Galega de Balonmán será elixido na primeira reunión da nova Asemblea Xeral, previamente constituída, mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto por e entre os membros da Asemblea presentes no momento da elección. Para que a elección de Presidente sexa válida será necesaria a presenza, no momento de iniciarse a mesma, de polo menos a metade máis un do total dos membros da Asemblea. Procedéndose á votación en segunda convocatoria, a mesma será válida, con independencia do número de presentes.

2.- A convocatoria de eleccións a Presidente realizarase conxuntamente coa da primeira reunión da Asemblea Xeral electa.

3.- Poderá presentar a candidatura a Presidente da Federación Galega de Balonmán calquera persoa física de entre os membros da Asemblea Xeral, sempre e cando, ademais, cumpra cos seguintes requisitos:

- Ser maior de idade.
- Ostentar a condición política de galego.
- Estar en pleno uso dos seus dereitos civís.
- Non incorrer en ningunha sanción deportiva que o inhabilite para o desempeño do cargo.
- Non estar inhabilitado para o desempeño de cargo público en virtude de sentenza xudicial firme.
- Non ser membro da Comisión Xestora. Se algún membro da Comisión.
- Xestora desexase presentar a súa candidatura a Presidente, deberá, previa ou simultaneamente, abandonar devandita Comisión no momento da presentación da súa candidatura.
- Ser presentado, como mínimo, polo 10% dos membros da Asemblea Xeral.

4.- O Presidente saínte da Federación Galega de Balonmán será membro nato da nova Asemblea Xeral. Esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura á presidencia, ou ben no caso de que, habéndoa presentado, non resultara elixido.

5.- A persoa que resulte elixida como Presidente terá que cesar en todo tipo de actividades técnicas e directivas no deporte específico e no ámbito territorial propio da Federación Galega de Balonmán.

#### ARTIGO 73

Será elixido Presidente o candidato que obteña a maioría absoluta dos votos dos membros presentes. No caso de que ningún candidato alcance esta maioría, procederase a unha segunda votación, entre os dous candidatos máis votados, resultando elixido o que obteña a maioría de votos. No suposto de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación, e será proclamado como tal o candidato que se presentase ó cargo. Tal proclamación efectuarase pola Xunta Electoral.

#### ARTIGO 74

Para poder ser candidato a Presidente da Federación, haberán de reunirse as condicións seguintes:

- a) Te-la condición de cidadán de Galicia, segundo o que dispón o Estatuto de Autonomía.
- b) Ser maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís.
- c) Non estar incurso en ningunha sanción deportiva que o inhabilite, ditada polos órganos disciplinarios da Federación ou polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

- d) Non estar condenado mediante sentenza xudicial firme que leve anexa a pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de cargos públicos.

#### **ARTIGO 75**

A votación será libre, igual, secreta e directa. Non se admitirá o voto por correo, nin por delegación das persoas físicas.

## **CAPITULO IX ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA**

#### **ARTIGO 76**

1.- A Comisión Delegada será elixida entre e pola Asemblea Xeral, mediante sufraxio igual, libre, directo e secreto, entre os seus membros. O seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral. Será presidida polo Presidente da FGBM, como membro nato da mesma.

2.- A Comisión Delegada de FGBM estará composta por dez (10) membros, ademais do Presidente, distribuídos por estamentos, da seguinte forma:

Seis, correspondentes ás Entidades Deportivas, elixidos por e entre eles.

Dous, polos Deportistas, elixidos por e entre eles.

Un, polos Técnicos/Adestradores, elixidos por e entre eles.

Un, polos Árbitros, elixidos por e entre eles.

3.- A convocatoria de eleccións á Comisión Delegada realizarase coa de eleccións a Presidente, conxuntamente coa convocatoria da primeira sesión da Asemblea Xeral.

## **TÍTULO VI RÉXIME ECONÓMICO**

#### **ARTIGO 77**

A Federación Galega de Balonmán está sometida ó réxime de administración, orzamento e patrimonio propio e caixa única. O exercicio económico coincidirá co ano natural, iniciándose o 1 de xaneiro e concluíndo o 31 de decembro de cada ano.

O Tesoureiro someterá á Asemblea Xeral Ordinaria un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, memoria económica, así como o orzamento para a tempada seguinte, balance e orzamento que deberá serlle notificado á Dirección Xeral para o Deporte.

Non poderá aprobarse un orzamento deficitario salvo autorización da Dirección Xeral para o Deporte. Tampouco poderán repartirse beneficios entre os seus membros.

A Federación elaborará unha memoria que analizará finalmente a actividade económica da Federación, a súa adecuada actuación orzamentaria, o cumprimento dos obxectivos e os proxectos a desenvolver, e informará separadamente como mimo sobre os seguintes aspectos:

1. Diferencias dos ingresos e contribucións, segundo:
  - a) Subvencións públicas.
  - b) Subvencións, donativos ou contribucións privadas.
  - c) Ventas de activos.

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

- d) Ingresos procedentes de competicións organizadas.
  - e) Ingresos para servicios prestados pola Federación, permisos, licenzas e outros.
  - f) Ingresos financeiros.
2. Tamén constará o destino da totalidade dos recursos distinguindo como mínimo os grupos de custo ou investimentos seguintes:
- a) Administración da Federación.
  - b) Dirección e servicios da directiva incluíndo viaxes.
  - c) Competicións.
  - d) Axudas a clubs e outras entidades.
  - e) Axudas para actos deportivos.
  - f) Construcións e outros inmovilizados.
  - g) Formación de outros deportistas e técnicos.
  - h) Deportes de elite e profesional.
  - i) Árbitros
  - j) Órganos xurisdiccionais.
3. O importe das obrigas de pagamento que é necesario satisfacer noutros exercicios que non estean previstos no balance.
4. O importe das garantías e os avais comprometidos.
5. A liquidación do orzamento, que explique as variacións en relación co orzamento aprobado na asemblea anterior.

As contas anuais e os orzamentos estarán no domicilio social da Federación cunha antelación mínima de quince (15) días á data de celebración da Asemblea Xeral, e a disposición das persoas ou entidades con dereito a voto nela, as cales poderán pedir unha copia que se lles entregará antes da celebración da asemblea.

## ARTIGO 78

Constitúen os ingresos da Federación:

- a) As subvencións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Galicia, ou as que outras entidades públicas poidan concederlle, así como as provenientes , se é o caso, da Federación Española de Balonmán.
- b) Os bens ou dereitos que reciba por herdanza legado ou doazón de persoas físicas ou entidades particulares así como os premios que lle sexan outorgados.
- c) As cotas dos seus afiliados.
- d) As sancións pecuniarias que lles impoñan ós seus afiliados dentro do exercicio da potestade disciplinaria.
- e) Os froitos, rendas e xuros dos seus bens patrimoniais.
- f) Os préstamos ou créditos que se lle concedan.
- g) Os beneficios que produzan as actividades e competicións deportivas que organice, así como os derivados dos contratos que realice.
- h) Calquera outro que poida serlle atribuído por disposición legal ou en virtude de convenio.

## ARTIGO 79

A Federación destinará a totalidade dos seus ingresos e patrimonio á consecución dos seus fins, propios do seu obxecto social.



ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

### **ARTIGO 80**

A xestión económica ordinaria correrá a cargo do Tesoureiro, baixo a dirección do Presidente, cuidando das operacións cobros e pagamentos. Autorizará coa súa sinatura mancomunada coa do Presidente ou coa do Vicepresidente autorizado, ou, no seu caso, coa do Xerente, tódolos documentos de movementos de fondos. Será responsable da levadía e custodia dos libros de contabilidade.

Formulará os balances anualmente que deberán presentarse á Asemblea xeral para a súa aprobación.

## **TÍTULO VII RÉXIME DOCUMENTAL**

### **ARTIGO 81**

O réxime documental da Federación comprenderá como mínimo os seguintes libros correctamente dilixenciados:

- a) Libro de rexistro de entrada de documentos e de comunicacións oficiais.
- b) Libro de rexistro de clubs no que constará a denominación destes o domicilio social e o número inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- c) Libros de actas que consignarán as reunións que celebren tódolos órganos colexiados da Federación tanto de goberno e representación como complementarios e técnicos.
- d) Libros de contabilidade.
- e) Libro inventario de bens mobles e inmobles.
- f) Rexistro dos membros da Asemblea Xeral e Comisión Delegada no que deberán consta-los nomes dos titulares ou representantes legais así como os domicilios para citacións ou comunicacións.

### **ARTIGO 82**

O réxime documental estará a cargo do Secretario, ó cal lle corresponderá a custodia dos libros da Federación, levantar actas das reunións dos órganos colexiados e, unha vez aprobadas, asinadas co visto bo e praxe do Presidente, expedir certificacións, remiti-las certificacións e acordos que procederan á Dirección Xeral para o Deporte e, en xeral, preparala resolución e despacho de tódolos asuntos.

No caso de ausencia ou imposibilidade física do Secretario, as súas funcións serán desempeñadas polo propio Presidente da Federación ou a persoa na que el delegue.

## **TÍTULO VIII RÉXIME DISCIPLINARIO XURISDICIONAL**

### **ARTIGO 83**

A Federación Galega de Balonmán en materia de disciplina deportiva, ten potestade sobre tódalas persoas que forman parte da súa estrutura orgánica, os clubs e os seus deportistas, técnicos e directivos, os xuíces e árbitros, e en xeral sobre todas aquelas persoas ou entidades que, estando

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

federadas, desenvolvan a actividade deportiva que constitúe o seu obxecto social no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **ARTIGO 84**

Os órganos competentes en materia disciplinaria serán:

- a) En primeira instancia o Comité de Competición ou o Xuíz único.
- b) En segunda instancia un Comité de Apelación.

Ámbolos dous órganos rexeranse e aplicarán o disposto na normativa vixente sobre disciplina deportiva.

O Xuíz Único de Competición , Presidente do Comité de Competición e Presidente do Comité de Apelación será nomeado polo presidente da FGBM, cabendo que sexa, ou non, membro da Federación. O Comité de Competición e o de Apelación estará integrado por tres (3) membros, incluído cada un dos seus presidentes, que serán os que elixan os seus membros restantes.

O mandato dos cargos mencionados será como mínimo dunha tempada e non poderán ser removidos dos seus cargos, a excepción de presentar a súa renuncia.

A composición destes Comités seralle comunicada á Secretaría Xeral para o Deporte na forma prevista nestes estatutos.

#### **ARTIGO 85**

As resolucións ditadas polo Comité de Apelación da F.G.B.M serán recorribles ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva da Xunta de Galicia, no prazo de quince(15) días hábiles, contados dende o seguinte ó da notificación da resolución de que se trate.

A tal efecto, o recurso presentarase ante a propia F.G.BM., dirixido ó Presidente do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Recibido o recurso, a F.G.BM. , no prazo dos oito (8) días hábiles seguintes, elevará o recurso ó citado Comité, acompañando copia do expediente e un informe verbo dos extremos do recurso.

## **TÍTULO IX DISTINCIÓNS**

#### **ARTIGO 86**

Para premiar os méritos relevantes na orde deportiva, contraídos por cantas persoas, entidades e clubs estean relacionados co deporte do balonmán, ben sexan nacionais ou estranxeiros, a FGBM poderá outorgar recompensas honoríficas que distingan o labor que en pro do balonmán se queira premiar.

Estableceranse regulamentariamente a clase de recompensas, os méritos precisos para a súa consecución e o relativo á súa solicitude e concesión.

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

## **TÍTULO X**

### **DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E DA DISOLUCIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN**

#### **ARTIGO 87**

Os estatutos da Federación só poden ser modificados pola Asemblea Xeral e de acordo co establecido neste estatutos.

#### **ARTIGO 88**

1.- A proposta de modificación dos estatutos deberá ser acordada polo Presidente ou Comisión Delegada da Federación, nomeándose seguidamente por ela unha Comisión técnica que realice os traballos necesarios para presentarlle á Asemblea o novo texto que se someterá a aprobación.

2.- Aprobada a reforma dos estatutos pola Asemblea Xeral, deberá ser ratificada pola Secretaría Xeral para o Deporte.

3.- A modificación dos Estatutos que afecte ó contido mínimo dos mesmos, requirirá acordo adoptado pola Asemblea Xeral, convocada especificamente ó efecto, e deberá ser inscrita no prazo de un mes. Só producirá efectos tanto para os membros da Federación como para terceiros desde que se proceda a súa aprobación pola Administración deportiva competente, e tras a súa inscrición no Rexistro de Asociacións correspondente.

As restantes modificacións producirán efectos para os membros da Federación desde que se proceda a súa aprobación pola Administración deportiva competente, namentres que para os terceiros será necesaria, ademais, a inscrición no correspondente Rexistro.

4.- Á modificación dos Estatutos da Federación requirirá maioría absoluta da Asemblea Xeral, é dicir, a metade máis un do número total das persoas presentes ou representadas.

#### **ARTIGO 89**

1.- A Federación extinguirase polas seguintes causas:

- a) Por acordo dos dous terzos dos votos da totalidade dos membros da Asemblea Xeral, ratificada polo Organismo competente da Xunta de Galicia.
- b) Por sentenza xudicial firme.
- c) Por disposición da autoridade competente.
- d) Por disposición legal.
- e) Por imposibilidade absoluta para o cumprimento dos seus fins.
- f) Polas causas previstas, en xeral, polo artigo 39 do Código Civil.
- g) Polas demais causas que determinen as leis.

2.- Unha vez producida a disolución da Federación, o patrimonio neto da mesma destinarase ós fins de carácter deportivo que determine a Secretaría Xeral para o Deporte.

#### **ARTIGO 90**

1.- A disolución da Federación abre o período de liquidación, ata o fin do cal a Federación conservará a súa personalidade xurídica.

2.- No caso de disolución, procederase ó cumprimento de tódalas obrigas pendentes.

3.- A Xunta Directiva constituirase en Comisión Liquidadora, continuando os seus membros no exercicio de tal función, ata que queden rematadas as operacións. Non obstante o anterior, no seu caso poderá nomearse de entre os membros da Asemblea un número de persoas comprendido entre cinco (5) e dez(10) que desenvolvan esta labor.

4.- Corresponde ós liquidadores:

ESTATUTOS FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN- adaptados a orde do 8-setembro-2010 e aplicación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia

- a) Velar pola integridade do patrimonio da Federación.
- b) Rematar as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
- c) Cobrar os posibles créditos da Federación.
- d) Liquidar o patrimonio, e satisfacer ós acredores da Federación.
- e) Aplicar os bens sobrantes da Federación ós fins previstos polos Estatutos.
- f) Solicitar a cancelación de asentos rexistráis.

Asinado: Bruno López Molina  
Pte. Federación Galega Balonmán

Asinado: Carla Abad Alonso  
Secretaria Federación Galega Balonmán





DILIXENCIA: Para facer constar que o presente exemplar dos Estatutos da Federación Galega de Balonmán, integrado por 90 artigos, contén a modificación dos seguintes artigos:

- 15 (incorporación do art. 15 bis), 24, 35, 42.4, e 77. Modificación aprobada pola Asemblea Xeral da federación do 17.06.2023.
- 1, 6, 7, 10.2, 15.3, 17, 24, 38, 60, 69, 81, 84, 88, e 89.2: nos que se corríxen erros detectados na denominación dalgúns órganos admiistrativos ou na normativa aplicable. Para estas modificacións non era obrigatoria a convocatoria da asemblea xeral.

O 19 de setembro de 2023 o Secretario Xeral para o Deporte resolveu ratificar e inscribir a dita modificación no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

A xefa do Servizo Xurídico-Deportivo  
Teresa Carrera Babarro



**BALONMÁN** FEDERACIÓN  
GALEGA DE  
BALONMÁN

